

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa Alento , atención comunitaria a adolescentes con trastornos mentais graves.

Entidade executante

Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e Adolescencia (ASEIA)

www.aseiagalicia.gal

Ámbito territorial

Ourense, Allariz e Vigo

Persoas destinatarias

Adolescentes con trastornos mentais graves.

Obxectivos

Xerais: -Identificar os sinais clínicos, relevantes na problemática psicolóxica do adolescente e elaborar un plan de intervención sobre os mesmos.

-Ofrecer tanto ó adolescente como a súa familia unha alternativa de rehabilitación terapéutica, comunitaria a través dun tratamento especializado co obxecto de favorecer, na medida do posible, a desaparición dos factores de risco que afectan ó desenvolvemento integral do menor ó equilibrio normativo e afectivo no sistema familiar.

Específicos: Entre outros:- Facilitar a adquisición das ferramentas necesarias para que os mozos /as poidan integrarse no medio social .

-Fomentar o establecemento de relacións interpersoais saudables mediante o deseño de tarefas formativas e lúdico -educativas.

-Asesorar ás familias acerca do proceso de inclusión social do /a mozo/a, dotándoos de coñecementos e habilidades que favorezan dito proceso.....

Metodoloxía

A Intervención psicoterapéutica que se realiza a través do programa fundaméntase no establecemento da alianza terapéutica co adolescente e a súa familia.